



## **Premio #XenteQueFaiHistoria: Como ensinas Xeografía e Historia?**

### **PRESENTACIÓN**

A Facultade de Historia do campus de Ourense da Universidade de Vigo convoca a primeira edición do premio #XenteQueFaiHistoria: Como ensinas Xeografía e Historia?

### **OBXECTIVOS**

- Valorar e dar visibilidade ao uso de metodoloxías innovadoras na docencia da Xeografía e Historia no Ensino Secundario Obrigatorio.
- Estreitar a relación entre os Centros de Secundaria Obrigatoria e o seu profesorado e a Universidade de Vigo.
- Expresar o recoñecemento da Facultade de Historia ao esforzo realizado pola innovación no ensino da Xeografía, da Arte e da Historia, así como fomentar a conciencia crítica e a necesidade da protección do patrimonio cultural.
- Fomentar a relevancia das disciplinas humanísticas para a comprensión e respecto do mundo actual, atención á diversidade e a perspectiva de xénero.

## BASES

### Participación

Poderán concorrer ao premio *#XenteQueFaiHistoria: Como ensinas Xeografía e Historia?*, os/as docentes de Xeografía e Historia da etapa de Educación Secundaria Obrigatoria que exerzan a súa función en calquera centro educativo de Galicia.

### Inscrición/ presentación

O prazo de inscrición finalizará ás 14h do día **16 de abril do 2021**.

A inscrición será realizada polo/a docente a través deste [formulario](#)

No proxecto presentado, que desenvolverá a estrutura prevista no seguinte [documento](#), só debe incluírse o alcume, garantindo así o anonimato.

Os proxectos presentados deberán ter sido desenvoltos e finalizados durante os cursos 2018/2019, 2019/2020 ou 2020/2021.

Os dez proxectos seleccionados na 1ª rolda, serán presentados nun acto público polo que todos/as os/as participantes deberán enviar, xunto coa inscrición, a seguinte [autorización](#) que permite o uso das imaxes.

**OS TRES IMPRESOS DEBERÁN SER ENVIADOS A [sdefho@uvigo.es](mailto:sdefho@uvigo.es)**, indicando no asunto *Premio #XenteQueFaiHistoria: Como ensinas Xeografía e Historia?*

### Crterios para a valoración dos proxectos presentados:

A) Interese educativo e carácter integrador.	20%
B) Carácter innovador e orixinalidade da iniciativa.	20%
C) Grado de extrapolación a outros centros ou ámbitos do sistema educativo galego.	20%
D) Calidade do deseño (é realista e motivador; fomenta o interese pola Xeografía, Historia da Arte e Historia; amosa coherencia entre os obxectivos perseguidos polo proxecto, a proposta metodolóxica e de actividades e os contidos a desenvolver).	20%

E) Viabilidade do proxecto (recursos materiais; grado de compromiso coa comunidade educativa, así como con outros sectores sociais e institucións do entorno).	20%
--	-----

### **Características das roldas de clasificación**

#### **1ª Rolda**

Trala valoración dos proxectos presentados, seleccionaranse os dez traballos con maior puntuación para a súa presentación nunhas xornadas de difusión a desenvolver na Facultade de Historia da Universidade de Vigo.

Destes dez proxectos, os tres que acaden maior puntuación pasarán á 2ª rolda.

#### **2ª Rolda**

Os tres traballos seleccionados na 1ª rolda, presentarán as súas experiencias de forma presencial ou telemática durante o desenvolvemento das Xornadas de difusión organizadas pola Facultade de Historia para tal fin. Un xurado determinará o traballo gañador, que constituirá o 1º premio. Os dous restantes serán premiados na categoría de “finalistas”.

A continuación da selección do 1º premio, presentaranse os sete traballos restantes.

### **Composición do Xurado**

O xurado estará composto por profesorado e un representante do alumnado da Facultade de Historia, por profesorado do mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, FP e Idiomas da Facultade de Ciencias de Educación e Traballo Social, por docentes de Xeografía e Historia en Educación Secundaria Obrigatoria e por un representante de Educación da Delegación de Ourense.

### **Premios**

Os proxectos seleccionados na primeira rolda serán publicados nun pdf de libre acceso. Ademais:

- Primeiro premio: O primeiro clasificado recibirá un trofeo, un bono regalo e un diploma acreditativo.
- Finalistas: Cada finalista recibirá un trofeo e un diploma acreditativo.

**O acto de entrega** de premios terá lugar na Facultade de Historia, no campus de Ourense, coincidindo coa 2ª rolda, sempre e cando poida realizarse de forma presencial. En caso contrario, fixarase a data unha vez que as condicións sanitarias o permitan.

### **Propiedade intelectual e dereitos de imaxe**

O premio *#XenteQueFaiHistoria:Como ensinas Xeografía e Historia?* é propiedade da Facultade de Historia da Universidade de Vigo, que cede o uso das probas con fins educativos, académicos ou similares, así como en actividades que sexan sen ánimo de lucro e sen efectos comerciais. En calquera uso público deberá citarse a procedencia.

Durante a realización do evento poden ser captadas imaxes ou vídeos con motivo da publicidade ou difusión do evento por diferentes medios de comunicación en uso da súa liberdade de expresión e dereito á información.

A Facultade de Historia da Universidade de Vigo tamén efectuará a divulgación daquelas imaxes e vídeos a través dos seus propios medios de difusión para o cal será necesario obter consentimento previo das persoas participantes e no seu caso, dos/as pais/nais ou titores/as legais dos/as menores participantes.

### **Información sobre protección de datos de carácter persoal**

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a inscrición en devandito premio.

O tratamento dos datos de carácter persoal está lexitimado polo artigo 6.1.e) do RXPD para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, en base aos obxectivos do evento que desenvolve os principios da Lei Orgánica 67/2001, de 21 de decembro, de Universidades, de creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura e a difusión, valorización

e transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico.

Así mesmo, para a os fins de divulgación dos resultados, dito tratamento estará amparado polo consentimento das persoas interesadas artigo 6.1.a) do RXP. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede está obrigado a facilitar estes datos en virtude do especificado nos parágrafos anteriores e, en caso de non facelo, as consecuencias serán non poder prestarlle o servizo.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos cuxa identidade e datos de contacto son Ana Garriga Domínguez, Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas s/n, 32004, Ourense (España). Teléfono: 988 368 834. Enderezo electrónico: [dpd@uvigo.gal](mailto:dpd@uvigo.gal)

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

## DOCUMENTOS ANEXOS

1. Formulario de inscrición
2. Requisitos edición
3. Autorización